



Plan Estratégico 2024-2027



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
CIENCIA, UNIVERSIDADES E
FORMACIÓN PROFESIONAL

Campus Crea. Pontevedra

Universidade de Vigo

1. Introducción	4
2. Campus CREA	6
Composición do Campus	8
Misión, Visión e Obxectivos estratéxicos	10
Estrutura do Campus CREA – Modelo de gobernanza	11
Modelo de gobernanza – Definición e funcións	12
Liñas de investigación do Campus	13
3. Metodoloxía	14
4. Análise interna	16
Proceso de análise interna	17
Indicadores do Campus	18
5. Análise Externa	20
Proceso de análise externa	22
Prioridades estratéxicas en liña co Campus	22
Boas prácticas	24
Retos e desafíos sociais	26
6. DAFO	27
7. Reflexión Estratéxica	30
Proceso de reflexión estratéxica	31
Principais axentes do ecosistema	32
8. Plan de Acción	33
Proceso de deseño	34
Liñas de Actuación e accións	35
9. Seguimento do Plan Estratéxico	58

1. INTRODUCCIÓN

Introducción

O Campus CREA nace co obxectivo de aportar maior singularidade e especialización ao Campus de Pontevedra, transformándoo nun ecosistema dinámico conectado coa contorna, que dota de identidade ás súas áreas de coñecemento: arte, comunicación e publicidade, educación e deseño.

O concepto aglutinador de todas estas disciplinas (representado mediante a denominación CREA) relaciónase coa creatividade en si mesma, baixo o prisma da innovación social, entendéndoa como un proceso esencial para a resolución dos problemas e retos sociais mediante novas solucións innovadoras adaptadas á realidade.

Co obxectivo de seguir apostando pola creatividade como motor da educación universitaria do século XXI, promovendo un contexto educativo innovador, colaborativo e interdisciplinar, o Campus CREA veu a necesidade de poñer en marcha o deseño do seu Plan Estratéxico cun horizonte temporal de catro anos (2024-2027). O Plan Estratéxico marcará a folia de ruta do Campus CREA guiando a súa actividade neste período.

Plan Estratégico do Campus CREA

A elaboración deste documento consistiu nun proceso de análise previa, tanto desde un punto de vista interno, do propio Campus, como externo, do seu entorno. Ademais, para o deseño do Plan Estratégico contou coa implicación dos axentes principais que, a través dun proceso de reflexión, conseguiron definir as liñas de actuación e accións que marcarán a folia de ruta do Campus nos próximos catro anos.

O documento contén os seguintes epígrafes:

- Análise do Campus CREA: recolle a súa estrutura, definindo as funcións e responsabilidades de cada parte, a visión, a misión e os obxectivos estratéxicos marcados, así como as liñas de investigación establecidas no Campus.
- Metodoloxía: explicación do procedemento que se levou a cabo para a elaboración do Plan Estratégico.
- Análise interna: estudo do funcionamento do Campus e dos diferentes grupos que o compoñen, así como a identificación dos principais indicadores de docencia, investigación e transferencia.
- Análise externa: identificación das prioridades estratéxicas a nivel rexional, nacional e europeo.
- DAFO: coa información extraída da análise interna e externa, identifícanse as debilidades, fortalezas, ameazas e oportunidades do Campus.
- Plan de Acción: deseño das Liñas de Actuación a desenvolver no período de vixencia do Plan Estratégico. Establecéronse Accións para cada Liña de actuación, establecendo un calendario e identificando a persoa/s responsable/s do seu seguimento, así como unha serie de indicadores medibles (KPI's) que axudarán a acadar os obxectivos estratéxicos.
- Seguimento do Plan Estratégico: descrición da ferramenta que utilizará o Campus para realizar un correcto seguimento das accións definidas no Plan.



2. CAMPUS CREA



Campus CREA

O Campus de Pontevedra defínese como o espazo educativo superior da creatividade, destreza adquirible e trazo do que participan todas as persoas. A creatividade como posibilidade, como forma de achegarse ao mundo a través da produción de algo novo e valioso.

O campus CREA preséntase como un medio aglutinador dos ámbitos focados na creatividade (arte, comunicación, publicidade, educación e deseño) involucrados en procesos cognitivos, afectivos, sociais, de comunicación, de sostibilidade, revisan e cuestionan as formas de pensar, de crear para promover mudanzas transformadoras para a comunidade.

Na reformulación da proposta de campus de especialización desde o Campus CREA S2i a Campus CREA apostouse por reforzar a proposta vinculándoa con aquelas áreas de docencia e investigación presentes en Pontevedra e que están especificamente relacionadas co ámbito da creatividade.

Así, o proxecto de especialización do Campus de Pontevedra aglutina baixo unha mesma identidade e imaxe de marca aquelas áreas de coñecemento do ámbito da creatividade, tales como arte, comunicación, deseño, educación, e publicidade. Enténdese a creatividade como a capacidade de crear e inventar, un proceso esencial para a resolución dos problemas e retos sociais mediante solucións innovadoras adaptadas á realidade. Ao tempo, o fomento da creatividade confórmase como unha capacidade que contribúe ao benestar, físico e mental das persoas e das sociedades no seu conxunto.

O Campus CREA aporta maior singularidade e especialización ao Campus de Pontevedra, transformándoo nun ecosistema dinámico conectado coa contorna, que dota de identidade a estas áreas de coñecemento.

Por todo o anterior, o Campus CREA establece a creatividade como eixe de colaboración transversal, sendo prioritario fortalecer as relacións de mutuo beneficio coa súa contorna, tanto a nivel económico, cultural e social, pero tamén nas colaboracións institucionais.

Por outra parte, o Campus CREA representa un campus dinámico e conectado coa súa contorna, mediante o establecemento de sinerxías e liñas de actuación conxunta entre a Universidade de Vigo e o tecido empresarial, económico, social e cultural da provincia e as Administracións Públicas.

Na actualidade, o Campus CREA conta con catro facultades e escolas. Realizan os seus estudos en torno a 2.000 alumnos e alumnas por ano, o que supón en torno ao 64% do total das persoas matriculadas no Campus de Pontevedra. Os estudos distribúense en 14 títulos repartidos entre graos, mestrados e programas de doutoramento. Realizan as súas tarefas de docencia e investigación máis de 100 docentes.

A dirección e a secretaría técnica do Campus CREA están ubicados na Casa das Campás.



Aliñamento con ODS

Na súa aposta por contribuír a un entorno universitario sustentable, o Campus CREA aliña os seus ámbitos de actuación cos ODS da Axenda 2030. Este compromiso materialízase nos obxectivos básicos que seguen:

- Articulación do compromiso adquirido pola universidade en favor dun desenvolvemento máis sustentable e equitativo.
- Implicación da comunidade universitaria na mellora ambiental do Campus ou da facultade participante no programa.
- Traballar en rede con distintas universidades, tanto nacionais como internacionais.



Composición do Campus CREA- Titulacións

O Campus de Especialización CREA está integrado por catro facultades: facultade de Belas Artes, facultade de Comunicación, Facultade de Ciencia do Deporte e da Educación, e a Facultade de Deseño. Dous destes centros están situados no Campus da Xunqueira, Comunicación e Educación, e os outros dous, Deseño e Belas Artes, están ubicados en edificios no centro da cidade). No total, este centros agrupan unha oferta formativa constituída por 17 titulacións.

Facultades	Titulacións Campus CREA
FACULTADE DE BELAS ARTES	Grao en Belas Artes Mestrado Universitario en Arte Contemporánea. Creación e Investigación Doutoramento en Creación e Investigación en Arte Contemporánea
FACULTADE DE COMUNICACIÓN	Grao en Comunicación Audiovisual Grao en Publicidade e Relacións Públicas Mestrado Universitario en Dirección de Arte en Publicidade Mestrado Universitario en Comunicación en Medios Sociais e Creación de Contidos Dixitais Doutoramento en Comunicación
FACULTADE DE CIENCIA DO DEPORTE E DA EDUCACIÓN	Grao en Educación Infantil Grao en Educación Primaria Mestrado Universitario en Investigación e Innovación en Didácticas Específicas para Educación Infantil e Primaria Mestrado Universitario en Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas Doutoramento en Educación, Deporte e Saúde Doutoramento en Equidade e Innovación en Educación
FACULTADE DE DESEÑO	Grao en Deseño Mestrado Universitario en Deseño e Dirección Creativa en Moda Doutoramento en Creatividade e Innovación Social e Sostible

Composición do Campus CREA- Grupos de Investigación

A singularidade das titulacións que se imparten no Campus de Pontevedra fai que o ámbito da investigación que se realiza desde a Universidade teña un matiz específico, fronte a outros espazos do Sistema Universitario Galego (SUG).

Así, o profesorado do Campus exerce a coordinación en 12 grupos de investigación que pertencen a algún dos centros universitarios do Campus, aínda que a actividade do equipo pode centrarse noutro espazo da Universidade de Vigo, pero o recoñecemento de grupo de investigación do Campus CREA está vinculado á coordinación do grupo por unha persoa investigadora adscrita a este campus.

GRUPOS DE INVESTIGACIÓN DO CAMPUS CREA			
Nome do grupo	Código	Coordinación	Nº grupos
FACULTADE DE BELAS ARTES			6
Digital & Graphic Art Research	DX5	Ana María Soler Baena	
Arte e antropoloxía. Debuxo	DX6	Araceli Liste Fernández	
Grupo de Debuxo e Escultura	ES2	María Yolanda Herranz Pascual	
PR3 CULT	HPR3	Juan Loeck Hernández	
Imaxe e Contextos	PE4	Carlos Tejo Veloso	
Procesos de Resistencia na Arte Contemporánea Española	PRACE	Mónica Ortuzar González	
FACULTADE DE COMUNICACIÓN			4
Grupo de Investigación en Comunicación	CS1	Aurora García González	
Comunicación Persuasiva	CP2	Ana Belén Fernández Souto	
Investigación en Comunicación para o Servizo Público	SEPCOM	María Isabel Míguez González	
Videoxogos, narrativa, persuasión e creatividade	VNPC	Beatriz Legeren Lago	
FACULTADE DE DESEÑO			1
Tracker. Laboratorio Visual	DX7	María Dolores Dopico Aneiros	
FACULTADE DE EDUCACIÓN			1
Cooperación en investigación para a Equidade Educativa e Social	CIES-Uvigo	María Ángeles Pilar Parrilla Latas	
			Total
			12

Misión, visión e obxectivos estratéxicos

O Campus CREA define a súa misión e a súa visión de forma consensuada, establecendo así a súa razón de ser e a onde quere chegar. A misión do Campus é a razón de ser da organización para todos os partícipes,

“stakeholders”, axentes ou grupos que teñen interese nel (comunidade universitaria, empresas, institucións, centros de investigación, cidadanía).

MISIÓN *Razón de ser*



Ser o dinamizador dunha rede multidisciplinar e integrada de unidades de docencia, investigación e transferencia de tecnoloxía e coñecemento para dar resposta á necesidade de formar, estimular e potenciar o talento creativo.

VISIÓN *A onde queremos chegar*



Converterse nun campus universitario con proxección exterior e de creación de valor económico e social como motor de desenvolvemento territorial na Eurorrexión Galicia-norte de Portugal

OBXECTIVOS ESTRATÉGICOS

OBX 1

Desenvolver unha estrutura organizativa que apoie de maneira eficiente e eficaz os labores de ensino, investigación, transferencia de tecnoloxía e coñecemento e internacionalización do Campus CREA

OBX 2

Desenvolver unha formación universitaria e avanzada de elevada calidade e con capacidade de resposta ás necesidades da sociedade

OBX 3

Crear un proxecto aglutinador de investigación organizado en clústeres estratéxicos, con capacidade de proxección exterior

OBX 4

Establecer unha conexión cos sectores económicos, sociais e culturais incrementando a contratación empresa/institucións-Campus, fomentando unha cultura emprendedora e promovendo a creación de *start-ups*

OBX 5

Xerar un maior intercambio de alumnado e persoal docente e investigador, un maior número de proxectos/programas en colaboración e unha maior visibilidade no ámbito internacional

OBX 6

Incrementar os ingresos captados polo Campus CREA e diversificar as súas fontes de financiación

Estrutura do Campus CREA - Modelo de gobernanza


A nova estrutura de gobernanza responde ás necesidades actuais do Campus CREA, favorecendo as relacións acorde ás súas necesidades organizativas. Esta estrutura permite dunha forma eficaz e sostible, a consecución dos obxectivos estratéxicos do Campus, respondendo ás súas necesidades actuais, a través da constitución de un Comité de Dirección e un Comité Executivo.

O consello reitor está formado polo Reitor, que preside, polo Vicerreitora do Campus de Pontevedra, a Dirección do Campus CREA, que actúa de secretaria, xunto co director da Área do Campus de Pontevedra,

a Vicerreitora de Investigación e Transferencia, o director xeral de Centros e Recursos Humanos da Xunta de Galicia e o presidente do Consello Social da UVigo.

O comité de dirección está liderado pola directora do campus CREA e apoiado por unha secretaría técnica encargada de prestar servizo en diferentes tarefas, tanto administrativas como de comercialización, xestión e internacionalización. Conta con 4 representantes dos centros adscritos que ofrecen asesoramento.

O modelo tamén conta co apoio de dous comités consultivos, un académico e outro socio-empresarial.



Modelo de gobernanza - Definición e Funcións

<p style="text-align: center;">CONSELLO REITOR</p> <p>Formado pola Reitoría, Vicerreitoría do Campus de Pontevedra, Dirección do Campus CREA, Dirección da Área do Campus de Pontevedra, a Vicerreitoría de Investigación e Transferencia, o director xeral de Centros e Recursos Humanos da Xunta de Galicia e o presidente do Consello Social da UVigo</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Definir os obxectivos do Campus de Especialización, analizar a situación do mesmo, definir os aspectos a mellorar e establecer as actuacións a levar a cabo. • Informar periodicamente ao Consello de Goberno das actuacións previstas, en curso ou planificadas, de tal xeito que quede constancia delas nese órgano. • Analizar a información dos centros que forman o Campus de especialización, no que atinxe ás necesidades, opinións e valoracións do persoal das mesmas, respecto ás actuacións realizadas. • Solicitar aos comités consultivos valoración sobre as actuacións que se están a facer no campus CREA sobre novas posibles actuacións para acadar os obxectivos do mesmo. • Analizar os informes das actuacións realizadas no Campus de especialización e valorar, en base ás evidencias e aos indicadores propostos, en que medida se colaborou na consecución dos obxectivos do mesmo. Tamén, de ser o caso, o comité de dirección propondrá actuacións complementarias ou alternativas no caso de que o cumprimento dos obxectivos se vise comprometido. • Como mínimo unha vez ao ano e sempre que se considere oportuno o Comité de Dirección abordará o cumprimento dos obxectivos do CE en relación ás actuacións realizadas. No caso de que o resultado das actuacións fose negativo, proporíase un Plan de Mellora. • Presentar un informe anual de avaliación de actuacións realizadas no Consello de Goberno e no Consello Económico-Social que poderá incluír, na súa versión final, recomendacións de ambos órganos de goberno para fortalecer e mellorar futuras actuacións. 	
<p style="text-align: center;">COMITÉ CONSULTIVO ACADÉMICO</p> <p>Formado por persoas de recoñecido prestixio nas áreas de especialización do Campus CREA, non pertencentes á Universidade de Vigo</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Asesorar ao Comité de Dirección con respecto ás accións que desenvolve o Campus CREA. • Propor accións de mellora e iniciativas a desenvolver. • Facilitar sinerxías e colaboracións a todos os niveis con outros centros relacionados co Campus CREA. • Axudar a potenciar a proxección internacional do Campus CREA. 	
<p style="text-align: center;">COMITÉ CONSULTIVO SOCIAL-EMPRESARIAL</p> <p>Formado por representantes de organismos, empresas, administracións, clústeres da Eurorrexión Galicia –Norte de Portugal, relacionados coas liñas de especialización do Campus CREA</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Asesorar ao Comité de Dirección con respecto ás accións a desenvolver no Campus CREA, especialmente respecto ás relacionadas coas necesidades do tecido económico e social no ámbito da Eurorrexión Galicia – Norte de Portugal. • Propoñer accións de mellora e iniciativas a desenvolver. • Propoñer proxectos e convenios de colaboración con empresas e institucións do ámbito social e empresarial. • Fomentar a colaboración Universidade – Empresa – Administración. 	
<p style="text-align: center;">COMITÉ DE DIRECCIÓN</p> <p>Formado polo Dirección do Campus CREA, a secretaría técnica e persoas asesoras en diferentes ámbitos procedentes dos centros adscritos</p>	<p style="text-align: center;">DIRECCIÓN CAMPUS CREA</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Liderar e coordinar as reunións do Comité Executivo. • Planificar/coordinar as accións a desenvolver. • Elaborar a memoria anual de actividades. • Realizar un seguimento das tarefas da secretaría técnica.
	<p style="text-align: center;">SECRETARÍA TÉCNICA</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Levar a cabo a xestión administrativa do Campus CREA. • Elaborar e presentar memorias de proxectos europeos.
	<p style="text-align: center;">ASESORÍAS</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Asesorar á Dirección nos ámbitos de docencia, investigación, transferencia e internacionalización

Liñas de investigación do Campus CREA

O Campus CREA ten como obxectivo crear un contexto favorable para a docencia, a investigación e o desenvolvemento creativo e responsable, entrelazando as diferentes disciplinas e áreas de coñecemento do campus coas necesidades sociais nun intento de alindarse e responder á estratexia internacional de ciencia con e para a sociedade.

Así, e tendo en conta a fortaleza que supón dispoñer de titulacións variadas e singulares baseadas na creatividade, establécese como liña de especialización do Campus a CREATIVIDADE, sendo este o elemento integrador do Campus, e sendo catro as súas liñas de especialización.



CREATIVIDADE E ARTE

Actividades relacionadas coas ramas de coñecemento de Belas Artes, en colaboración coas demais áreas de coñecemento do Campus. As liñas prioritarias desta área de actividade relaciónanse co coñecemento especializado na produción e divulgación das disciplinas das artes creativas, que impulsa o achegamento á sociedade de novos procesos creativos e produtivos, entre outros aspectos.



CREATIVIDADE E COMUNICACIÓN

Actividades relacionadas coas ramas de coñecemento de Comunicación Audiovisual, Publicidade, en colaboración coas demais áreas de coñecemento do Campus. As liñas desta área de actividade relaciónanse co coñecemento especializado en comunicación e publicidade, na industrias creativas, ou novas tecnoloxías aplicadas á comunicación e publicidade, que contribúen á diagnose e análise crítica da sociedade e medios de comunicación, entre outras cuestións.



CREATIVIDADE E DESEÑO

Actividades relacionadas coas ramas de coñecemento de Deseño Téxtil e Moda, en colaboración coas demais áreas de coñecemento do Campus. As liñas desta área de actividade relaciónanse co coñecemento especializado na produción e divulgación das disciplinas centradas no deseño e a dirección creativa en moda, que contribúe á conversión do coñecemento na mellora dos procesos de produción e servizos neses sectores, entre outras cuestións.



CREATIVIDADE E SOCIEDADE

Actividades relacionadas coas ramas de coñecemento de Educación, en colaboración coas demais áreas de coñecemento do Campus. As liñas desta área de actividade relaciónanse coa innovación docente baixo o prisma da creatividade, o desenvolvemento comunitario (educación para a cidadanía), o desenvolvemento da motivación e a creatividade e a atención á diversidade, así como as dificultades na aprendizaxe, entre outras cuestións.

3. METODOLOXÍA

Metodoloxía

O Plan Estratégico Campus CREA para o período 2024-2027, foi elaborado a partir dun proceso de traballo que permitiu definir un modelo estratéxico. A metodoloxía deseñada e seguida para a elaboración do documento está formado por 4 fases:

Fase 1 - Análise.

Análise tanto interna como externa do Campus CREA. Nesta fase recompilouse información e identificáronse os principais indicadores do Campus.

Fase 2 - Reflexión Estratéxica.

Revisión do enfoque estratéxico do Campus, así como a identificación dos axentes do seu ecosistema, que se levou a cabo a través de sesións de debate.

Fase 3 - Deseño.

Deseño do plan de acción no cal se identificaron liñas de actuación e accións.

Fase 4 - Seguimento.

Sistema que facilita o control e seguimento do plan de acción e as súas accións.

Proceso de elaboración do Plan Estratégico





4. ANÁLISE INTERNA

Análise interna

A análise interna do Campus CREA estuda o funcionamento e a progresión do Campus e dos diferentes ámbitos que o compoñen. O obxectivo principal foi identificar as boas prácticas e as áreas de mellora para introducir no Campus.

Os indicadores que se tiveron en conta para a análise interna do Campus están referidos aos últimos tres anos (2021, 2022 e 2023) e distribuíronse en catro categorías:

- Docencia
- Investigación
- Produción científica
- Transferencia

Proceso da análise interna


Fase 1 - Análise



OBJECTIVOS

- Realizar un diagnóstico inicial da situación do Campus CREA para determinar a súa imaxe actual.
- Realizar entrevistas aos Investigadores Principais (IP's) do Campus para recompilar información sobre a súa actividade docente, investigadora, produción científica e transferencia.
- Definir os indicadores de resultados que permitan describir a situación inicial dos grupos de investigación.
- Estudo das principais referencias nacionais e internacionais.
- Comparativa entre o Campus e as principais referencias nacionais e internacionais.
- Delimitar principais áreas de mellora.
- Definir os principais aspectos considerados fortalezas ou debilidades do Campus CREA.

OPERATIVA




Indicadores 2021, 2022 e 2023

DOCENCIA




+2.000/ano
Alumnado matriculado

64% total
Campus de Pontevedra



+500/ano
Licenciados/as




97% Taxa media de éxito dos Graos
99% Taxa media de éxito dos Mestrados

INVESTIGACIÓN


37% 63%
103 INVESTIGADORES/AS

12 Grupos de Investigación

7
Proxectos competitivos
697.523 €



28 Teses de doutoramento
6,15 % da Uvigo



Indicadores 2021, 2022 e 2023




PRODUCCIÓN CIENTÍFICA

TRANSFERENCIA



211

Publicacións



47

citas recibidas

	2021	2022	2023
Publicacións JCR	7	2	12
Publicacións Q1		1	5
Capítulos de libros	41	45	49
Libros	17	23	9
Teses	9	11	8




58 Convenios

de colaboración con empresas e institucións



84.497 €



5. ANÁLISE EXTERNA



Análise externa

Para a análise externa do Campus CREA identificáronse, por un lado, grandes tendencias a nivel nacional e internacional nos ámbitos da creatividade que se terán presentes á hora de establecer novas liñas de investigación ou ampliar o ámbito de actuación das actuais.

Por outro lado, tivéronse en conta as boas prácticas levadas a cabo noutros campus e universidades que poidan ser integradas no Campus CREA.

Ademais, identificáronse os principais programas de financiación, tanto a nivel rexional como nacional e internacional, para orientar posibles novas liñas de investigación do Campus.

Proceso da análise externa


Fase 1 - Análise



OBXECTIVOS

- Analizar as prioridades estratéxicas de financiación a nivel rexional, nacional e internacional relacionadas cos ámbitos do Campus CREA: artes, comunicación e creatividade, educación e deseño.
- Analizar os retos e desafíos da sociedade.
- Localizar boas prácticas a nivel nacional e internacional que poidan ser incorporadas ao Campus.
- Valorar a posibilidade de importar as principais tendencias e boas prácticas identificadas noutras entidades.

OPERATIVA



Prioridades estratégicas en liña co Campus

Ao longo de todo o proceso de elaboración do documento, realizouse unha busca activa das prioridades estratégicas europeas, estatais e autonómicas de I+D para incrementar as opcións de financiación para o Campus CREA.



Creative Europe 2021-2027

Programa marco da Comisión Europea de apoio aos sectores cultural, creativo e audiovisual:

- Apoio ás redes europeas para axudar aos sectores cultural e creativo a funcionar nun contexto transnacional e a aumentar a súa competitividade.
- Plataformas europeas de operadores culturais para publicitar aos novos artistas e impulsar un plan europeo da labor cultural e artística.

Europa Creativa inviste en accións que reforcen a diversidade cultural e respondan ás necesidades e retos dos sectores culturais e creativos.

Subprograma Cultura

Proporciona fondos para os sectores cultural e creativo que inviste na cooperación transfronteiriza, as plataformas, o traballo en rede e a tradución literaria.

Subprograma MEDIA

Orientado ao fortalecemento e apoio da industria cinematográfica e audiovisual europea.




Axencia Executiva no Ámbito Educativo, Audiovisual e Cultural (EACEA)

A súa misión é aplicar diversos capítulos de máis de quince programas e medidas financiados pola Comunidade nos ámbitos da educación e a formación, a cidadanía activa, a xuventude, o sector audiovisual e a cultura.

Rede de Industrias Creativas

- Plataforma de apoio ás empresas das industrias culturais e creativas (micro, pequenas e medianas).
- Formación a través do deseño para o crecemento de empresas do sector cultural e creativo.
- Un modelo de actuación para negocios en expansión.



Prioridades estratéxicas en liña co Campus



X Plan Estatal de Investigación Científica, Técnica e de Innovación 2024-2027

Unha das prioridades do Plan é o incremento da participación cidadá e a innovación social na identificación e busca de solucións orientadas aos retos da sociedade a través de novos formatos que permitan manter un diálogo aberto entre ciencia, tecnoloxía, innovación e sociedade. No seu Programa Estatal de I+D orientado aos retos da sociedade, describe 8 retos, dos cales o Campus responde a dous deles:

- Cultura, Patrimonio Cultural e Creatividade
- Dixitalización e Telecomunicacións
- Industria

Plan de Fomento das Industrias Culturais e Creativas



Plan que respalda os sectores culturais máis vinculados coa innovación e a creatividade, tais como o deseño, a moda, a arquitectura, a publicidade, os novos medios de comunicación, os videoxogos e as artes interactivas.

A todos eles súmanse os sectores máis tradicionais: as artes escénicas, as artes visuais, o patrimonio cultural, o cinema, a televisión, a radio, a música, os libros e a prensa.

O Campus CREA confórmasse a partir da integración daqueles sectores máis tradicionais e aqueles sectores máis innovadores.



RIS3 - Estratexia de especialización intelixente de Galicia

A RIS3 define as prioridades e obxectivos aos que se enfoca o investimento de I+D+i en Galicia no período 2021-2027. Está encadrada no Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030, en concreto no eixo 3, que inclúe como prioridade consolidar unha cultura de crecemento a partir da innovación e a I+D. Está igualmente coordinada coas correspondentes estratexias estatais e europeas.

RETO 1

– **Novo modelo de xestión de recursos naturais e culturais baseado na innovación.**

Prioridade 1.4 Economía circular e simbiose industrial.

Prioridade 1.11 Turismo e patrimonio cultural sostible.

RETO 2

–

Modelo industrial baseado na competitividade e no coñecemento.

Prioridade 2.2 Desenvolvemento de competencias dixitais e educación dixital.

Prioridade 2.3 Desenvolvemento de propostas de valor ao redor dos recursos naturais, patrimoniais, culturais e turísticos.

Prioridade 2.4 Soberanía tecnolóxica (desenvolvemento de coñecemento, tecnoloxías e aplicacións innovadoras propias).

Boas prácticas

Chile



Novos paradigmas en educación, vinculando as disciplinas creativas nun espazo de experimentación, creación e innovación para pasar dun sistema de educación baseado na produción a un modelo onde cada persoa descobre os seus propios talentos e destrezas.

ARQUITECTURA

ARTES VISUAIS

DESEÑO

XORNALISMO

PUBLICIDADE

Costa Rica



Formar persoas talentosas, altamente competentes e creativas no campo do deseño, a arte aplicada á tecnoloxía, para potenciar a súa contribución ao desenvolvemento cultural e socioeconómico da humanidade, a través dun concepto diferente na educación.

- Producción de Eventos
- Desenvolvemento e Deseño Web
- Desenvolvemento e Deseño de Videoxogos
- Animación
- Ilustración e Conceptualización de Arte
- Fotografía Dixital
- Producción Audiovisual Dixital
- Marketing e Comunicación Dixital
- Deseño e Comunicación para Negocios
- Styling e Comunicación de Modas
- Emprendemento e Marketing de Moda
- Deseño Gráfico
- Deseño Publicitario
- Arquitectura
- Deseño Interno
- Debuxo Arquitectónico
- Deseño de Modas...

Portugal

esap

Escola Superior Artística do Porto

ESAP é un espazo educativo para fomentar a investigación e o encontro entre artistas, teóricos, investigadores, curadores ou outros profesionais, nacionais e internacionais, tanto dentro como fóra da institución. Ofrecer formación nos ámbitos nas artes plásticas, artes visuais, arquitectura, deseño, cinema e audiovisual e teatro.



Italia



RUFA. Rome University of Fine Arts

RUFA, Universidade de Belas Artes de Roma, é un centro educativo multidisciplinar e internacional, que ofrece cursos de formación nos campos da Arte, Deseño, Cine, Fotografía e Comunicación. A RUFA colabora con recoñecidos profesionais e empresas de prestixio, garantindo aos seus estudantes unha preparación teórica actualizada e unha orientación metodolóxico-operativa, cunha atenta mirada ao mundo laboral e ao mercado.

Boas prácticas

Italia

RUFA LAB. Laboratorio de fabricación dixital

RUFA LAB, o centro de pensamento e produción dixital que permite a toda a comunidade RUFA deseñar e crear, grazas á maquinaria, ferramentas e procedementos, a medio camiño entre a artesanía e a investigación experimental. Específico para producións de deseño de produtos, iluminación e deseño multimedia, o LAB atende na Academia todo tipo de enfoques manuais e creativos, xa que está equipado con impresoras 3D, fresadoras, cortadoras láser e todas as ferramentas para cavar, esculpir, modelar, construír, montar e, en definitiva, crear.



Bélxica e Suíza



Addictlab é unha plataforma cultural autoxestionada, que invita a pensadores creativos de todas as disciplinas e culturas, co obxectivo de crear unha exhibición global de culturas e ideas a través do traballo en rede, mellorar o empoderamento dos talentos locais e crear un cambio sostible.

A Addictlab selecciona actividades destes laboratorios para obradoiros educativos e corporativos para nenos, adultos e empresas. Queremos que os participantes aprendan, experimenten, improvisen e colaboren.

Portugal



O LabCom é unha unidade de investigación en Ciencias da Comunicación cuxo obxectivo principal é desenvolver investigacións avanzadas sobre tecnoloxías da comunicación e novos medios, especialmente aqueles subxacentes aos procesos en liña e dixitais, co fin de avaliar o seu impacto na vida cotiá e comprender os diferentes tipos de fenómenos comunicativos nun individuo, base comunitaria e social.

O LabCom está organizado en dous grupos de investigación:

- Comunicación e Medios, tratando os impactos e efectos multinivel e multiformes das tecnoloxías da comunicación e os novos medios
- Grupo de Artes, centrado na relación entre as tecnoloxías da comunicación e os novos medios nas artes e as súas interfaces específicas, desde as belas artes ata o cine e o deseño.

Retos e desafíos sociais

- Salvaguardar, desenvolver e promover a diversidade cultural e lingüística europea e promover o patrimonio cultural.
- Promover novas estruturas e procesos de comunicación.
- Reforzar a competitividade dos sectores cultural e creativo, con vistas a promover un crecemento intelixente, sostible e integrador.
- Apoiar a capacidade dos sectores cultural e creativo.
- Promover a circulación transnacional das obras culturais e creativas e a mobilidade transnacional dos axentes culturais e creativos, así como chegar a audiencias novas e máis amplas e mellorar o acceso ás obras culturais e creativas.
- Reforzar a capacidade financeira das pequenas e medianas organizacións dos sectores cultural e creativo de forma sostible, procurando ao mesmo tempo garantir unha cobertura xeográfica e unha representación sectorial equilibradas.
- Estimular a elaboración de políticas, a innovación, a creatividade, o desenvolvemento de audiencia e os novos modelos de negocio e xestión, mediante o apoio á cooperación política transnacional.
- Fortalecemento da investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación.
- Crecemento económico sostible, a través dunha economía e sociedade eficiente no uso de recursos e resiliente ao cambio climático.
- Subministro e uso sostible das materias primas, para satisfacer as necesidades dunha poboación mundial en aumento de acordo aos límites de sustentabilidade dos recursos naturais e ecosistemas do planeta.
- Educación inclusiva, equitativa e de calidade, fomentando as intervencións educativas con colectivos en risco social e minimizando o abandono escolar.



6. DAFO

**DAFO**

Como ferramenta para realizar unha síntese da análise do Campus CREA utilízase o DAFO para destacar información relevante que sirva de base para establecer posteriormente Retos Estratéxicos aos que responde o Campus.

O DAFO céntrase nos factores internos para recoñecer fortalezas e debilidades do Campus e, por outra banda, sinálanse as oportunidades e ameazas a partir dos factores externos que rodean o Campus.

A valoración de cada unha das fortalezas, debilidades, oportunidades e ameazas e a posterior confrontación entre elas dará unha visión xeral do estado do Campus.



DAFO – Oportunidades e Ameazas

OPORTUNIDADES

- O1. Aposta da Universidade de Vigo pola especialización do Campus de Pontevedra como un campus líder no ámbito da Creatividade (Lei 6/2013 de 13 de xuño).
- O1. Aliñación coas prioridades estratéxicas europeas e nacionais.
- O3. Existencia de protocolos de colaboración co Concello de Pontevedra e a Deputación.
- O4. Disponibilidade no centro da cidade de Pontevedra de instalacións para situar a sede corporativa do proxecto Campus CREA.
- O5. Celebración na cidade de eventos culturais de recoñecido prestixio.
- O6. Existencia de programas europeos de apoio ao desenvolvemento cultural, creativo e de sectores audiovisuais (Creative Europe 2021-2027).
- O7. Importancia cada vez maior do significado e valor da “creatividade” que permitirá a aparición de novas liñas de investigación neste ámbito.

AMEAZAS

- A1. Situación periférica do Campus de Pontevedra no contexto nacional e europeo.
- A2. Baixa cultura de colaboración das empresas do entorno coa Universidade.
- A3. Excesiva burocracia e carga administrativa a nivel institucional, que limita as dedicacións e recursos para a investigación.
- A4. Baixo sentimento de pertenza ao Campus de especialización CREA.
- A5. Deficiente cultura de inversión en investigación e desenvolvemento no sector da industria creativa.

DAFO – Fortalezas e Debilidades

FORTALEZAS

- F1. Amplio número de títulos ofertados no Campus (títulos de grao, mestrado e programas de doutoramento).
- F2. Singularidade de títulos dentro do SUG (Comunicación, Publicidade, Belas Artes, Deseño).
- F3. Participación en Programas de financiamento internacional: Societal Challenges (H2020), POCTEP (Interreg), Jean Monnet (DG Cultura e Educación), Creative Europe.
- F4. Desenvolvemento de iniciativas cunha importante repercusión social e empresarial (Semana da Creatividade, Debut,...).
- F5. Programación cultural diversa no Campus de Pontevedra.
- F6. Existencia da Cátedra Circom que conecta coa rede europea de televisións rexionais.
- F7. Liñas de investigación diversas e singulares dos grupos de investigación con potencialidade que favorece a creación de unidades de investigación multidisciplinares e interdisciplinares.
- F8. Posta en marcha do Programa de doutoramento CREA.

DEBILIDADES

- D1. Baixa captación de fondos competitivos europeos e escasa participación en redes.
- D2. Reducida planificación de desenvolvemento de iniciativas comerciais conxuntas.
- D.3 Baixa participación do estudiantado nas actividades culturais.
- D4. Baixo nivel de recursos compartidos entre os grupos de investigación do Campus.
- D5. Baixo coñecemento das liñas de investigación nas que traballan outros grupos do Campus.
- D6. Limitada predisposición a realizar colaboracións entre grupos.
- D7. Existencia de experiencias de agrupacións de unidades de investigación pouco positivas.
- D8. Limitada cultura emprendedora para la creación de start-ups o spin-offs

7. REFLEXIÓN ESTRATÉGICA

Reflexión estratéxica

Unha vez finalizada a fase de análise, tanto interna como externa, e a elaboración do DAFO, realizouse unha posta en común nunha sesión de traballo cun proceso de debate para:

- Establecer a nova estrutura de gobernanza.
- Definir a visión e a misión.
- Identificar os obxectivos estratéxicos do Campus a partir do cruce dos aspectos do DAFO.
- Identificar os eixos estratéxicos sobre os que se basea o Campus.

Ademais, identificáronse os principais axentes que forman parte do ecosistema do Campus e que se terán presentes para a constitución do Comité Consultivo Social-Empresarial.

Os obxectivos que o Campus CREA se formula para o período 2024-2027 estrutúranse en 4 liñas de actuación, en función dos retos que se consideran prioritarios.


Proceso de reflexión estratégica



OBXECTIVOS

- Presentar os resultados da análise tanto interna como externa a través dunha síntese de indicadores, así como da identificación dos principais retos sociais.
- Establecer os retos prioritarios do Campus.
- Identificar os principais axentes do ecosistema do Campus a ter en conta para a constitución do Comité Consultivo Social-Empresarial.
- Levar a cabo un proceso de debate e reflexión estratégica para establecer a nova estrutura de gobernanza, definir a visión, misión e os obxectivos estratégicos do Campus.
- Identificar os eixos estratégicos sobre os que se basea o Campus.

OPERATIVA



Principais axentes do ecosistema



8. PLAN DE ACCIÓN



Plan de Acción

O Plan de Acción do Campus CREA para o período 2024-2027 está organizado en 4 liñas de actuación que recollen 9 accións que se desenvolverán nos próximos catro anos, definindo para cada unha delas os responsables da súa execución, así como indicadores para o seu seguimento e control.



Proceso de diseño



OBXECTIVOS

- Aprobar o enfoque estratéxico do Campus (gobernanza, visión, misión, obxectivos).
- Identificar as liñas de actuación.
- Definir as accións a realizar para alcanzar os obxectivos.
- Delimitar o calendario para levar a cabo as diferentes accións no período 2024-2027
- Establecer os axentes responsables da realización das accións.
- Definir os KPI's de medición de resultados das accións.

OPERATIVA

Retos prioritarios

LIÑAS DE ACTUACIÓN

Sesión de Trabajo

CÓDIGO INICIATIVA	ACCIÓN	KPI's de medición de resultados	
		RESPONSABLES	VALOR
1.3.1	Identificación de institucións internacionais de interese e presenza en temáticas de innovación social e sociedade.	Dirección	10
1.3.2	Elaboración de accións de comunicación que permita obter unha adecuada difusión do Programa de Doutoramento do Campus CREA entre as institucións internacionais identificadas, incluída a definición de actividades de promoción do doutoramento en eventos oportunitos internacionais nos que se poida promocionar o programa de doutoramento. Esta actividade realízase en formato de promoción do Programa de Doutoramento, posto que cumpran obxectivos.	Dirección	5
1.3.3	Elaboración dun programa de acollida que facilite a chegada e estancia de estudantes a PDI internacionais que se captan con estas iniciativas e que promova a internacionalización.	Dirección	Informe programa de acollida
1.3.4	Proceso de avaliación para coñecer a evolución e grao de éxito das iniciativas, así como a satisfacción das persoas participantes no mesmo.	Secretaría Técnica	30


APROBACIÓN DO PLAN

Labels: Iniciativas a realizar, Calendarización, Responsables da realización das iniciativas

Liñas de Actuación e Accións

No Plan de Acción recóllense os retos prioritarios do Campus CREA para o período 2024-2027, así como as liñas de actuación e accións, encamiñadas ao cumprimento dos criterios establecidos nas diferentes dimensións do Campus CREA.

O Campus CREA formula 3 retos prioritarios:



Para acadar estes retos establécense 6 liñas de actuación:

LIÑA 1: POSICIONAMENTO DO CAMPUS CREA COMO CAMPUS DE REFERENCIA

- ACCIÓN 1.1.:** Consolidar o modelo de gobernanza
- ACCIÓN 1.2.:** Fortalecemento da comunicación e difusión do Campus CREA
- ACCIÓN 1.3.:** Promover a mobilidade de estudantes

LIÑA 2: FORMACIÓN CREATIVA E DE VANGARDA

- ACCIÓN 2.1.:** Promover o Programa de Doutoramento do Campus CREA.
- ACCIÓN 2.2.:** Desenvolver un programa de formación continua para PDI.

LIÑA 3: XERACIÓN DE INVESTIGACIÓN MULTIDISCIPLINAR

- ACCIÓN 3.1.:** Dinamizar e visibilizar os clústeres de I+D do Campus CREA.

LIÑA 4: PROMOCIÓN DA TRANSFERENCIA DE TECNOLOXÍA E COÑECEMENTO

- ACCIÓN 4.1.:** Desenvolver un programa de transferencia de tecnoloxía e coñecemento.
- ACCIÓN 4.2.:** Fomentar actividades de divulgación científica.
- ACCIÓN 4.3.:** Dinamizar actividades creativas, culturais.



POSICIONAMENTO DO CAMPUS CREA COMO CAMPUS DE REFERENCIA

LIÑA DE ACTUACIÓN 1

POSICIONAMENTO DO CAMPUS CREA COMO CAMPUS DE REFERENCIA

Esta Liña de Actuación contén 3 Accións e 11 iniciativas:

Acción 1.1

Consolidar o modelo de gobernanza.

Acción 1.2

Fortalecemento da comunicación e difusión do Campus CREA.

Acción 1.3

Potenciar a mobilidade do estudiantado.

ACCIÓN 1.1 CONSOLIDAR O MODELO DE GOBERNANZA

No documento que describe o Desenvolvemento estratéxico do Campus de Pontevedra (2014) propúxose, dentro da estrutura organizativa, a creación dunha unidade organizativa con diversas funcións, fundamentalmente para facer tarefas de coordinación e comunicación dentro do Campus CREA. Tamén tería competencias no seguimento das iniciativas do Plan de Acción do Campus e na busca de financiación sostible e competitiva en apoio ás liñas de orientación estratéxica.

Neste Plan Estratéxico 2024-2027 redefiniuse un novo modelo de gobernanza para o Campus CREA que estará conformado por un Consello Reitor, un Comité de Dirección e dous Comités consultivos, un académico e outro socio-empresarial, así como unha Secretaría Técnica.

O denominado Consello Reitor estará presidido polo reitor; formando parte do mesmo a vicerreitora do Campus de Pontevedra, a vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación, a directora do Campus de Especialización CREA, o Director xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellaría de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional; e o presidente do Consello Social da Universidade de Vigo.

O obxectivo fundamental das iniciativas que se propoñen nesta acción é dispor dunha estrutura organizativa eficiente, representativa e participativa, que apoie e potencie o Campus CREA.

Os obxectivos específicos son:

- Consolidar a estrutura organizativa con representación e participación dos axentes económicos e sociais.
- Dispor de mecanismos de control e seguimento dos órganos de goberno do Campus CREA.
- Contar con representantes internacionais nos seus órganos de goberno.

Como resultado da implantación destas iniciativas espéranse os seguintes resultados:

- Espérase conseguir unha estrutura óptima de gobernanza, con representación de todos os estamentos que forman parte da Universidade e tamén daqueles que, non sendo parte da mesma, teñen unha gran importancia no desenvolvemento do Campus, como os axentes económicos e os axentes sociais.
- A incorporación de expertos académicos sen vinculación coa Universidade de Vigo e que deberían aportar coñecemento e experiencia na xestión e proxección do Campus. Isto permitirá un enfoque de traballo máis eficiente, polo que se espera incrementar o número de persoas investigadoras vinculadas ao Campus CREA, así como a participación en proxectos de relevancia.

POSICIONAMENTO DO CAMPUS

FORMACIÓN CREATIVA E DE VANGARDA

INVESTIGACIÓN MULTIDISCIPLINAR

TRANSFERENCIA

ACCIÓN 1.1		CONSOLIDAR O MODELO DE GOBERNANZA								RESPONSABLES	INDICADOR	VALOR
COD	INICIATIVAS	CALENDARIO										
		A1		A2		A3		A4				
		1S	2S	1S	2S	1S	2S	1S	2S			
1.1.1	Establecer as dinámicas de comunicación co Comité de Dirección, formado por membros dos Centros que conforman a estrutura do Campus CREA									Consello Reitor	nº de actas de xuntanzas	9/ano
											nº de comunicacións realizadas	9/ano
1.1.2	Establecer as dinámicas de comunicación co Comité Consultivo Académico, formado por expertos nos ámbitos de coñecemento do Campus CREA, de dentro e/ou fora de Galicia									Consello Reitor	nº de actas de xuntanzas	2/ano
											nº de comunicacións realizadas	2/ano
1.1.3	Establecer as dinámicas de comunicación co Comité Consultivo Social-Empresarial, formado por representantes de organismos, empresas, administracións, clústeres, asociacións da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, relacionados coas liñas de especialización do Campus CREA									Consello Reitor	nº de actas de xuntanzas	2/ano
											nº de comunicacións realizadas	2/ano
1.1.4	Crear un equipo de apoio técnico para garantir a operatividade do Campus, formado por persoal técnico superior para a xestión de I+D+i, e por persoal técnico medio para a xestión económica									Dirección	Contratación de persoal técnico superior	1

POSICIONAMENTO DO CAMPUS

FORMACIÓN CREATIVA E DE VANGARDA

INVESTIGACIÓN MULTIDISCIPLINAR

TRANSFERENCIA

ACCIÓN 1.2 FORTALECEMENTO DA COMUNICACIÓN E DIFUSIÓN DO CAMPUS CREA

Resulta fundamental fortalecer a comunicación e difusión do Campus CREA de cara a acadar os obxectivos propostos, a través da xeración de dinámicas que permitan un mellor coñecemento do Campus no tecido produtivo e na sociedade en xeral.

O obxectivo desta actuación é definir accións a levar a cabo para fomentar o coñecemento do campus na sociedade, no ámbito científico e no ámbito empresarial.

Como resultado da implantación destas iniciativas espéranse os seguintes resultados:

- Definir accións de comunicación que contribúan á difusión e divulgación do Campus CREA nos próximos anos.
- Incrementar o coñecemento do Campus CREA nos ámbitos empresarial e científico, así como na sociedade en xeral.

ACCIÓN 1.2		FORTALECEMENTO DA COMUNICACIÓN E DIFUSIÓN DO CAMPUS CREA										
COD	INICIATIVAS	CALENDARIO								RESPONSABLES	INDICADOR	VALOR
		A1		A2		A3		A4				
		1S	2S	1S	2S	1S	2S	1S	2S			
1.2.1	Mantemento da páxina web, redes sociais, comunicación de actividades. Elaboraranse tamén folletos, panelística dos centros do Campus CREA, e materiais diversos de difusión									Secretaría Técnica	Nº de materiais de difusión	2
											Nº de visitas na páxina web	500/ano
											Nº de paneis Campus CREA	4
											Nº de novos seguidores RR.SS	100/ ano
1.2.2	Xornadas de portas abertas nos centros, que serán definidas de acordo cos Centros e que se organizarán dúas veces no ano								Comité de Dirección	Nº de xornadas de portas abertas	2	
1.2.3	Accións de divulgación e coñecemento do Campus CREA, Olimpíada CREA								Secretaría Técnica	Nº de accións de divulgación	2/ano	
1.2.4	Edición da Revista científica CREA								Comité de Dirección	Número de revistas editadas	1/ano	

ACCIÓN 1.3 POTENCIAR A MOBILIDADE DE ESTUDANTES

No documento que describe o Desenvolvemento estratéxico do Campus de Pontevedra (2014) indicábase, no apartado de internacionalización, a necesidade de establecer acordos de colaboración con institucións de prestixio internacional ademais de con outras institucións complementarias, a fin de atraer un maior número de alumnado e persoal investigador ao Campus CREA, así como establecer programas de intercambio e proporcionar oportunidades significativas para colaboracións en investigación e creación.

Neste Plan Estratéxico vólvese recoller entre as súas prioridades, a importancia de desenvolver actuacións que melloren a súa presenza a nivel internacional, establecendo unha liña específica para iso.

O obxectivo xeral é aumentar os acordos de colaboración con institucións de prestixio de Europa, América do Norte, Asia, África e América do Sur, así como con outras institucións complementarias, a fin de atraer un maior número de candidatos ao programa de doutoramento do Campus CREA, establecer programas de intercambio de estudantes de doutoramento e investigadores/as e proporcionar oportunidades significativas para colaboracións en investigación.

Os obxectivos específicos son:

- Aumentar o número de estudantes de posgrao e investigadores/as que realizan os seus estudos de doutoramento no Campus CREA.
- Aumentar o número de estudantes de posgrao e investigadores/as que realizan estancia docentes e investigadoras en institucións estranxeiras.
- Aumentar a visibilidade internacional do Campus CREA.

Como resultado da implantación destas iniciativas espéranse os seguintes resultados:

- Asinatura de acordos de colaboración con organizacións investigadoras líderes a nivel internacional, que incrementen a mobilidade de estudantes e PDI desde e cara ao Campus CREA.
- Incremento de estudantes estranxeiros/as no Programa de Doutoramento do Campus CREA.



POSICIONAMENTO DO CAMPUS

FORMACIÓN CREATIVA E DE VANGARDA

INVESTIGACIÓN MULTIDISCIPLINAR

TRANSFERENCIA

ACCIÓN 1.3		POTENCIAR A MOBILIDADE DE ESTUDANTES								RESPONSABLES	INDICADOR	VALOR
COD	INICIATIVAS	CALENDARIO										
		A1		A2		A3		A4				
		1S	2S	1S	2S	1S	2S	1S	2S			
1.3.1	Identificación de institucións internacionais de interese e prestixio en temáticas do ámbito da creación									Secretaría Técnica	Nº de institucións internacionais identificadas	10
											Nº de institucións internacionais contactadas	5
1.3.2	Elaboración de accións de comunicación que permita obter unha elevada difusión do Programa de Doutoramento do Campus CREA entre as institucións internacionais identificadas. Incluirá a definición de actividades de promoción da Universidade en eventos específicos internacionais nos que se poida promocionar o programa de doutoramento. Esta actividade realizarase en conxunto coa promoción do Programa de Doutoramento, posto que comparten obxectivos									Comité de Dirección	Nº de accións de comunicación do Programa de Doutoramento en institucións internacionais	5
1.3.3	Elaboración dun programa de acollida que facilite a chegada e estancia de estudantes e PDI estranxeiros/as que se captan con estas iniciativas, e que promova a interculturalidade									Comité de Dirección	Deseño do programa de acollida de estudantes estranxeiros	Informe programa de acollida

FORMACIÓN CREATIVA E DE VANGARDA

LIÑA DE ACTUACIÓN 2 FORMACIÓN CREATIVA E DE VANGARDA

Esta Liña de Actuación contén 2 Accións e 8 iniciativas:

Acción 2.1

Promover o Programa de Doutoramento do Campus CREA.

Acción 2.2

Desenvolver un programa de formación continua para PDI.

ACCIÓN 2.1

PROMOVER O PROGRAMA DE DOUTORAMENTO CAMPUS CREA

Este programa de doutoramento pretende reforzar a contribución da universidade as liñas prioritarias e retos sociais e globais establecidos no ámbito do deseño, da gobernanza, das artes creativas, da comunicación e da educación desde un enfoque transversal.

Está deseñado como un programa innovador que busca estudar e aplicar solucións creativas aos desafíos da sociedade actual desde diferentes ámbitos, explorar novas formas de innovación e, á súa vez, entender o modo en que se desenvolven, conseguen os seus fins ou fracasan.

O Programa de Doutoramento conta cunha vocación claramente multidisciplinar, o que se manifesta na ampla participación de docentes e investigadores/as, de todas as Escolas e Facultades do Campus e a colaboración de persoal investigador doutros centros alleos, como a Misión Biolóxica de Galicia (CSIC).

O obxectivo xeral desta acción é potenciar o programa de doutoramento do Campus CREA, incrementando o número de estudantes matriculados, así como o de profesorado proveniente doutras universidades, e obtendo un elevado nivel investigador dos doutoramentos concedidos.

Os obxectivos específicos son:

- Seguir ofertando anualmente o programa de doutoramento nas áreas de especialización do Campus CREA, con relevancia estatal e internacional.
- Captar estudantes excelentes tanto a nivel nacional como internacional para este programa, con especial atención ao incremento de estudantes estranxeiros/as.

- Promover o intercambio de estudantes e doutorandos/as con outras universidades estatais e estranxeiras.
- Incentivar a produción científica como ferramenta para incrementar a motivación dos doutorandos/as.
- Aumentar o número de socios estratéxicos do Programa, incorporando novas universidades e centros de investigación.

Como resultado da implantación destas iniciativas espéranse os seguintes resultados:

- Manter as Taxas de Gradación e de Abandono nos niveis que se indican na Memoria de Verificación do Programa de Doutoramento.
- Incremento na actividade investigadora a nivel de posgrao no Campus de Pontevedra nas temáticas das áreas de especialización do Campus CREA, cunha forte compoñente internacional.
- Incremento no número e calidade das publicacións científicas dos doutorandos e doutorandas do Programa.

POSICIONAMENTO DO CAMPUS		FORMACIÓN CREATIVA E DE VANGARDA		INVESTIGACIÓN MULTIDISCIPLINAR				TRANSFERENCIA																
ACCIÓN 2.1										PROMOVER O PROGRAMA DE DOUTORAMENTO DO CAMPUS CREA														
COD	INICIATIVAS									CALENDARIO								RESPONSABLES	INDICADOR	VALOR				
										A1		A2		A3		A4								
										1S	2S	1S	2S	1S	2S	1S	2S							
2.1.1	Asinar convenios de colaboración con novas universidades estranxeiras co obxectivo de captar tanto novos estudantes como profesorado para o programa																		Comité de Dirección + Comisión Académica do Programa de Doutoramento	Nº de convenios de colaboración firmados con universidades estranxeiras	4			
																							Nº de estudantes estranxeiros/as captados	2/ ano
																								Nº de profesores/as captados
2.1.2	Elaboración de accións de difusión do Programa de Doutoramento do Campus CREA, co que se buscará de forma específica unha elevada difusión do programa entre institucións internacionais																		Comité de Dirección	Nº de accións de difusión	5			
																								Nº de accións de difusión en institucións internacionais
2.1.3	Premios de I+D do Campus CREA co fin de axudar a incentivar en número e calidade a produción científica dos doutorandos e doutorandas																		Comité de Dirección	Deseño das bases dos Premios de I+D	Deseño das bases			
																								Nº de premios concedidos
2.1.4	Convocatoria de 2 bolsas predoutorais																		Comité de Dirección	Nº de bolsas predoutorais	2/ ano			

ACCIÓN 2.2

DESENVOLVER UN PROGRAMA DE FORMACIÓN CONTINUA PARA PDI

No documento que describía o desenvolvemento estratéxico do Campus de Pontevedra (2014) e reafirmado no presente Plan Estratéxico, propuña o desenvolvemento de formación contínua para PDI visando a mellora das súas competencias e aptitudes docentes, de investigación e creación, así como de xestión.

Algunhas das accións estarán dirixidas, por exemplo, á formación en idiomas, á xestión de proxectos de investigación e creación, xestión do cambio, novas metodoloxías e tecnoloxías docentes, fomento da creatividade e a proactividade, etc. Incluirase o intercambio de coñecementos e experiencias docentes, o desenvolvemento e aproveitamento de solucións e ferramentas que faciliten e promovan a comunicación e intercambio entre PDI.

Os obxectivos específicos son:

- Mellorar as competencias e aptitudes docentes do profesorado do Campus.
- Mellorar as competencias e aptitudes de xestión do profesorado do Campus.
- Facilitar ferramentas para aumentar a produtividade investigadora do persoal docente e investigador do Campus.
- Promover as competencias en idiomas de persoal investigador, PAS e alumnado e promover así a súa mobilidade.

Como resultado da implantación destas iniciativas espéranse os seguintes resultados:

- Incrementar a mobilidade de persoal investigador e alumnado no plano internacional.
- Incrementar a participación de docentes, PDI e alumnado nas accións que se leven a cabo no Campus no marco da axenda 2030 e dos ODS.

POSICIONAMENTO DO CAMPUS

FORMACIÓN CREATIVA E DE VANGARDA

INVESTIGACIÓN MULTIDISCIPLINAR

TRANSFERENCIA

ACCIÓN 2.2

DESENVOLVER UN PROGRAMA DE FORMACIÓN CONTINUA PARA PDI

COD	INICIATIVAS	CALENDARIO								RESPONSABLES	INDICADOR	VALOR
		A1		A2		A3		A4				
		1S	2S	1S	2S	1S	2S	1S	2S			
2.2.1	Promocionar a oferta de cursos de idiomas do Centro de linguas da Universidade de Vigo a impartir no Campus de Pontevedra									Comité de Dirección	Nº de cursos de idiomas realizados por PDI	2/ ano
											Nº de PDI que han asistido	5/ ano
2.2.2	Organizar actividades de formación sobre habilidades transversais, empresa e/ou economía									Comité de Dirección	Nº de actividades de formación realizadas	2/ano
											Nº de PDI asistentes	20/ano
2.2.3	Organizar actividades de formación en I+D									Comité de Dirección	Nº de actividades de formación en I+D	1/ano
											Nº de PDI asistentes	10/ano
2.2.4	Organizar actividades de formación en xestión e transferencia									Comité de Dirección	Nº de actividades de formación en xestión e transferencia	2/ano
											Nº de PDI asistentes	20/ano

XERACIÓN DE INVESTIGACIÓN MULTIDISCIPLINAR

LIÑA DE ACTUACIÓN 3

XERACIÓN DE INVESTIGACIÓN MULTIDISCIPLINAR

Esta Liña de Actuación contén 1 Acción e 5 iniciativas:

Acción 3.1

Dinamizar e visibilizar a I+D+i do Campus CREA.

ACCIÓN 3.1

DINAMIZAR E VISIBILIZAR A I+D+i DO CAMPUS CREA

No documento que describe o Desenvolvemento estratéxico do Campus de Pontevedra (2014) propúxose, no marco da Investigación, o fomento da I+D+i con masa crítica suficiente para alcanzar visibilidade, credibilidade e excelencia internacional.

O obxectivo xeral desta iniciativa é definir con claridade e darlle visibilidade, actividade e excelencia ao clúster de I+D+i do Campus CREA.

Os obxectivos específicos son:

- Fomentar a conexión e coordinación inter e multidisciplinar dos grupos de investigación.
- Desenvolver liñas de investigación con capacidade de proxección e excelencia internacional.
- Aumentar a participación e a xeración de proxectos, redes e convenios internacionais de cooperación para a I+D+i, co fin de posicionar o Campus CREA como referente nos seus ámbitos de investigación.
- Analizar as necesidades investigadoras da industria e da administración e así mellorar e axilizar a capacidade de resposta do Campus CREA nesas necesidades.
- Incentivar a conexión da investigación do Campus CREA coas necesidades do mercado nacional e internacional, así como aliñar os intereses de investigación dos grupos do Campus CREA cos obxectivos europeos de crecemento, competitividade e sustentabilidade.

Coas accións propostas preténdese acadar un efecto potenciador da de I+D+i. Así, espérase acadar os seguintes resultados:

- Un incremento da participación de persoal investigador do Campus CREA en proxectos multidisciplinares.
- Un incremento de colaboracións entre a universidade e a empresa, a través de proxectos, cátedras, convenios, etc.

POSICIONAMENTO DO CAMPUS

FORMACIÓN CREATIVA E DE VANGARDA

INVESTIGACIÓN MULTIDISCIPLINAR

TRANSFERENCIA

ACCIÓN 3.1
DINAMIZAR E VISIBILIZAR A I+D+i DO CAMPUS CREA

COD	INICIATIVAS	CALENDARIO								RESPONSABLES	INDICADOR	VALOR
		A1		A2		A3		A4				
		1S	2S	1S	2S	1S	2S	1S	2S			
3.1.1	Coordinar ou apoiar solicitudes de proxectos con diferentes grupos de investigación implicados									Comité de Dirección	Nº de solicitudes de proxectos apoiados	2/ano
3.1.2	Organizar xornadas e seminarios de presentación de programas e convocatorias de interese para o persoal investigador e para o entorno institucional e empresarial									Comité de Dirección	Nº xornadas e seminarios organizados	2/ano
3.1.3	Deseño dun boletín/ lista de correos para distribuír entre a comunidade investigadora do Campus CREA sobre convocatorias de interese, axenda de eventos, busca de socios, etc									Comité de Dirección	Boletín/ Correos	12/ano
											Nº de convocatorias, eventos, etc. identificados	20/ano
3.1.4	Promover convenios de colaboración de carácter institucional con entidades autonómicas, nacionais e internacionais, para promover accións conxuntas e proxectos de I+D ou de cooperación									Comité de Dirección	Nº de convenios de colaboración	5/ano
											Nº de accións conxuntas	2/ano
3.1.5	Organizar eventos e reunións Universidade-Empresa, así como participar en asociacións, clústeres profesionais e outros organismos para captar as necesidades do mercado en canto a I+D e canalizar esta información cara aos grupos de investigación do Campus CREA									Comité de Dirección	Nº de eventos organizados	2/ano
											Nº entidades nas que se participa	30



PROMOCIÓN DA TRANSFERENCIA DE TECNOLOXÍA E COÑECEMENTO

LIÑA DE ACTUACIÓN 4

PROMOCIÓN DA TRANSFERENCIA DE TECNOLOXÍA E COÑECEMENTO

Esta Liña de Actuación contén 3 Accións e 14 iniciativas:

Acción 4.1

Desenvolver un programa de transferencia de tecnoloxía e coñecemento.

Acción 4.2

Fomentar actividades de divulgación científica.

Acción 4.3

Dinamizar actividades creativas, culturais.

ACCIÓN 4.1**DESENVOLVER UN PROGRAMA DE TRANSFERENCIA DE TECNOLOXÍA E COÑECEMENTO**

No documento que describe o Desenvolvemento estratéxico do Campus de Pontevedra (2014) establecéronse dúas accións prioritarias:

1. Creación dunha estratexia de permeabilidade para o Campus CREA, que fomenta a difusión das actividades realizadas no Campus e os resultados de investigación e creación cara á súa contorna. Esta estratexia tamén deberá permitir a chegada á comunidade docente e investigadora das demandas e necesidades do tecido empresarial, social e cultural da contorna.

2. Creación e difusión dunha oferta de servizos especializados que responda á demanda e necesidades das empresas e institucións da contorna. Algúns exemplos de servizos a incluír poderían ser: creación de cursos e mestrados para a formación continua do profesorado de Galicia; formación especializada para diferentes sectores empresariais, sociais e culturais.

Estas accións foron levadas a cabo parcialmente, con diferentes taxas de éxito, o que leva a contemplar de novo neste Plan Estratéxico a necesidade de desenvolver un programa de transferencia de tecnoloxía e coñecemento específico do Campus CREA.

O obxectivo xeral desta acción é realizar iniciativas para identificar e promover a licenza de tecnoloxías e transferencia de coñecemento ao sector privado con intereses en temáticas do Campus CREA, así como para ofertar servizos que proporcionen apoio baseado en coñecemento específico a estas empresas nos ámbitos local, rexional e eurorrexional.

Os obxectivos específicos son:

- Difundir e facilitar o acceso ao coñecemento xerado no Campus CREA, promovendo a súa aplicabilidade, e dirixido a empresas con intereses en temáticas relacionadas co Campus.
- Ofrecer formación continua de referencia para o sector empresarial que satisfaga as súas necesidades.
- Realizar talleres e seminarios en colaboración co sector empresarial e a administración, ademais de con profesionais, docentes ou investigadores/as procedentes de universidades e centros de investigación de recoñecido prestixio.

Como resultado da implantación destas iniciativas espéranse os seguintes resultados:

- Implantación de accións concretas que permitan transferir coñecemento do Campus ás empresas.
- Dispor dun catálogo publicado e accesible cos servizos que se oferten desde o Campus CREA á contorna socioeconómica.
- Implantación de accións formativas que melloren a capacidade da man de obra das empresas.
- Potencial fonte de ingresos que faciliten a sustentabilidade do Campus CREA.

Este programa realizarase en coordinación coa Vicerreitoría de Transferencia da Universidade de Vigo.

POSICIONAMENTO DO CAMPUS

FORMACIÓN CREATIVA E DE VANGARDA

INVESTIGACIÓN MULTIDISCIPLINAR

TRANSFERENCIA

ACCIÓN 4.1
DESENVOLVER UN PROGRAMA DE TRANSFERENCIA DE TECNOLOXÍA E COÑECEMENTO

COD	INICIATIVAS	CALENDARIO								RESPONSABLES	INDICADOR	VALOR
		A1		A2		A3		A4				
		1S	2S	1S	2S	1S	2S	1S	2S			
4.1.1	Realización, en colaboración coa Vicerreitoría de Transferencia, de seminarios Universidade - Empresa, co fin de pór en contacto aos grupos de investigación do Campus CREA con empresas privadas con intereses en temáticas da creatividade. Nestes seminarios presentaranse investigacións potencialmente comercializables, así como a oferta de formación continua e servizos que poidan ser de interese para as empresas asistentes									Comité de Dirección	Nº de seminarios Universidade-Empresa organizados	3/ano
4.1.2	Realizar seminarios dirixidos a investigadores/as do Campus CREA co fin de concienciar da necesidade de explotar e comercializar os resultados da investigación									Comité de Dirección	Nº de seminarios realizados	1/ano
4.1.3	Definir e levar a cabo accións de formación continua de interese para a contorna socioeconómica									Comité de Dirección	Nº de formacións organizadas	3/ano
4.1.4	Creación do CREA Lab como infraestrutura a disposición da comunidade científica									Comité de Dirección	Nº de Infraestrutura	1
4.1.5	Identificar e publicar un catálogo dos servizos a ofertar en consonancia coa especialización do Campus CREA									Comité de Dirección	Nº de servizos identificados	20
4.1.6	Desenvolver visitas a empresas e centros de coñecemento, así como a asistencia a feiras de interese									Comité de Dirección	Nº de visitas realizadas	5/ano
4.1.7	Programa de colaboración Universidade-Foro Empresa Pontevedra									Comité de Dirección	Nº de actividades realizadas	4/ano

ACCIÓN 4.2

FOMENTAR ACTIVIDADES DE DIVULGACIÓN CIENTÍFICA

O I Plan de Divulgación Científica da Universidade de Vigo incluía varias liñas de actividade que pretendían contribuir a un mellor coñecemento da capacidade investigadora e de prestación de servizos da Universidade por parte da poboación, pero sobre todo a fomentar a mellora da cultura científica da sociedade. Así, entre os seus obxectivos atópanse o fomento das vocacións científicas e o interese polo coñecemento e pola formación universitaria, implicar na actividade da Universidade a grupos de cidadáns habitualmente afastados das actividades de carácter científico, ou contribuir á xeración dunha sociedade informada e con criterio propio sobre as modificacións que ocorren na súa contorna natural e tecnolóxica.

O obxectivo xeral é fomentar as actividades de divulgación científica en temáticas relacionadas coa creatividade e as áreas estratéxicas do Campus CREA.

Os obxectivos específicos son:

- Elaborar e difundir, a través da propia web do Campus CREA, materiais e contidos divulgativos relacionados coas temáticas da creatividade.
- Promover a participación dos grupos do Campus CREA en convocatorias públicas orientadas á divulgación científica (convocatorias FECYT).
- Participación nas xornadas de portas abertas de centros de investigación que organice a Universidade de Vigo. Organización de actividades de

formación sobre divulgación científica destinadas ao persoal investigador do Campus CREA.

- Organización e participación en eventos destinados á difusión da actividade universitaria á sociedade, e especialmente os dirixidos á mocidade en etapas preuniversitarias.
- Proceso de avaliación para coñecer a evolución e grao de éxito da iniciativa, así como a satisfacción dos participantes na mesma.

Como resultado da implantación destas iniciativas espéranse os seguintes resultados:

- Organización de actividades, eventos e xornadas especificamente orientadas á divulgación científica, a promoción da cultura científica e o pensamento crítico e racional.
- Publicación de materiais e contidos divulgativos, relacionados coas temáticas do Campus CREA.
- Conseguir que o Campus CREA sexa un referente na divulgación científica en temáticas relacionadas coa creatividade.

POSICIONAMENTO DO CAMPUS

FORMACIÓN CREATIVA E DE VANGARDA

INVESTIGACIÓN MULTIDISCIPLINAR

TRANSFERENCIA

ACCIÓN 4.2
FOMENTAR ACTIVIDADES DE DIVULGACIÓN CIENTÍFICA

COD	INICIATIVAS	CALENDARIO								RESPONSABLES	INDICADOR	VALOR
		A1		A2		A3		A4				
		1S	2S	1S	2S	1S	2S	1S	2S			
4.2.1	Elaborar un plan de creación e difusión en Internet de materiais e contidos divulgativos relacionados coas temáticas creativas, en colaboración cos grupos de investigación dos clústeres de I+D									Secretaría Técnica	Plan de creación e difusión elaborado	Plan de creación e difusión
											Nº de grupos de investigación participantes	15
4.2.2	Celebrar xornadas e eventos especificamente orientados á divulgación e o fomento da vocación artística, como o Congreso Internacional CREA									Comité de Dirección	Nº de xornadas e eventos celebrados	2/ano
4.2.3	Difundir, fomentar e ofrecer asesoramento a investigadores/as en convocatorias públicas para a divulgación científica									Comité de Dirección	Nº asesoramentos realizados	20
4.2.4	Identificación dos eventos de difusión da actividade científica a celebrar cada curso, e organización da participación do Campus CREA neles									Comité de Dirección	Nº de eventos de difusión identificados	5/ano
										Comité de Dirección	Nº de eventos de difusión nos que se participou	5/ano

ACCIÓN 4.3

DINAMIZAR ACTIVIDADES CREATIVAS, CULTURAIS

No documento que describe o Desenvolvemento estratéxico do Campus de Pontevedra (2014) indicábase, no apartado de transferencia de tecnoloxía e coñecementos, a necesidade de desenvolver actividades creativas e culturais que ofrezan á comunidade do Campus CREA e á cidade de Pontevedra oportunidades, recursos e ferramentas para difundir o coñecemento xerado na universidade cara á súa contorna, á vez que se promove unha mellora da calidade de vida.

Esta actividade axudará a converter Pontevedra nunha cidade universitaria, dando maior visibilidade ao campus dentro da súa contorna. Ademais, a iniciativa promove a interacción entre estudantes de diferentes facultades, promovendo así a futura transdisciplinabilidade e colaboración. Esta iniciativa poderá realizarse en cooperación con outras institucións públicas ou privadas de interese. Inclúranse ademais, actividades dirixidas a estudantes de secundaria e bacharelato, de forma que se aumente a visibilidade e atractivo do Campus CREA entre os potenciais futuros estudantes. Así mesmo, aproveitará os diferentes eventos culturais de referencia realizados na cidade (Salón do Libro, Bienal de Arte, Debut, Pont-up store) para dar maior visibilidade ao Campus.

O obxectivo fundamental desta actividade é facilitar a transferencia de coñecementos e habilidades entre a comunidade universitaria do campus CREA e cara ao resto da cidadanía, e ampliar a conexión co tecido social da cidade de Pontevedra.

Os obxectivos específicos son:

- Aumentar a visibilidade do Campus CREA na cidade de Pontevedra e a súa contorna.
- Aumentar o coñecemento do Campus CREA por parte dos estudantes de secundaria e bacharelato da eurorrexión Galicia-norte de Portugal.

Como resultado da implantación destas iniciativas espéranse os seguintes resultados:

- Maior recoñecemento do Campus CREA como parte esencial de Pontevedra.
- Maior participación en eventos culturais na contorna de Pontevedra.

POSICIONAMENTO DO CAMPUS

FORMACIÓN CREATIVA E DE VANGARDA

INVESTIGACIÓN MULTIDISCIPLINAR

TRANSFERENCIA

ACCIÓN 4.3
DINAMIZAR ACTIVIDADES CREATIVAS E CULTURAIS

COD	INICIATIVAS	CALENDARIO								RESPONSABLES	INDICADOR	VALOR
		A1		A2		A3		A4				
		1S	2S	1S	2S	1S	2S	1S	2S			
4.3.1	Deseñar e desenvolver actividades culturais enmarcadas na Semana Internacional da Creatividade e a Innovación									Comité de Dirección	Nº de actividades culturais desenvolvidas	5/ano
4.3.2	Seguimento e participación en eventos culturais na cidade de Pontevedra, Salón do Libro, Debut, Pont-up Store									Comité de Dirección	Nº de eventos culturais nos que se participa	3/ano
4.3.3	Deseñar e e desenvolver unha programación cultural con carácter anual									Comité de Dirección	Nº de actividades culturais organizadas	5/ano

9. SEGUIMIENTO DO PLAN ESTRATÉGICO

Seguimento

O Plan estratéxico do Campus CREA permite alcanzar os Retos propostos a través do desenvolvemento das liñas de acción e accións.

Trátase dun documento vivo que inclúe o seguimento das accións establecidas e a avaliación dos resultados obtidos.

O plan irase actualizando a medida que pase o tempo e se vaian levando a cabo as accións establecidas. Sempre que sexa necesario, engadirase ou eliminarase algunha acción se as circunstancias o requiren.

Os obxectivos que se perseguen co seguimento do Plan son:

- Seguimento da realización das actividades e dos prazos de actuación.
- Revisión e actualización do Plan de Traballo periodicamente.
- Inclusión/eliminación de actividades se corresponde.

Establecerase unha programación para facilitar o seguimento e control da realización dos plans de acción e accións a través de reunións á finalización de cada semestre. Para facilitar este seguimento e control, utilizarase unha ferramenta de xestión áxil e integradora das accións do Campus para o seguimento e control da execución e grao de avance das accións establecidas para o período 2024-2027.

Seguimento



OPERATIVA

